

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 14 DE XUÑO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se modifica o Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda, e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe máximo de dous millóns trescentos vinte e cinco mil euros (2.325.000 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación relativo á execución da obra de saneamento na Malata, en Ferrol (A Coruña), clave OH.315.1077 por un importe de licitación de sete millóns cento quince mil euros (7.115.000 €) e un valor estimado de seis millóns catrocentos sesenta e oito mil cento oitenta e un euros con oitenta e dous céntimos (6.468.181,82 €), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se declara o proxecto sectorial do sistema xeral aeroportuario de Santiago como de incidencia supramunicipal.

- Acordo polo que se declara o proxecto sectorial do sistema xeral aeroportuario de Vigo como de incidencia supramunicipal.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de bases de colaboración entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para dotar de auxiliares de conversa centros educativos e escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que se autoriza a plurianualidade do gasto previsto nel por un importe total de dous millóns oitocentos cincuenta e nove mil catrocentos euros (2.859.400 €).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a eximir da obriga de constituír garantías, de acordo co establecido no artigo 67 do citado decreto, na Resolución pola que aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para o desenvolvemento de cinco proxectos audiovisuais e para a posterior axuda á produción dunha obra audiovisual de contido específico que fomente a difusión dos valores culturais do Camiño de Santiago de cara á celebración do Xacobeo 2021, por un importe máximo dun millón cincocentos setenta e cinco mil euros (1.575.000 €), e se convocan para o ano 2018.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o décimo segundo acordo de prórroga ao concerto asinado o 18 de decembro de 2001 entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1 de xullo de 2018 ao 30 de xuño de 2019, por un importe de oitocentos corenta e catro mil setecentos dezanove euros con corenta e dous céntimos (844.719,42€).
- Acordo polo que se autoriza o décimo terceiro acordo de prórroga ao concerto asinado o 20 de abril de 2001 entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1 de xullo de 2018 ao 30 de xuño de 2019, por un importe de tres millóns setecentos setenta mil cincocentos vinte e catro euros con cincuenta e oito céntimos (3.770.524,58€).
- Acordo polo que se autoriza o décimo segundo acordo de prórroga ao concerto asinado o 18 de outubro de 2001 entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1 de xullo de 2018 ao 30 de xuño do 2019, por un importe de sesenta e tres mil novecentos trinta euros con cincuenta céntimos (63.930,50 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para superar a porcentaxe establecida no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia e adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que e regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos a través do programa Bono concilia e se procede á súa convocatoria para o curso 2018/19. Importe total: tres millóns catrocentos oitenta e nove mil douscentos euros (3.489.200 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza o encargo á empresa pública Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) durante o ano 2018 para a execución de traballos preventivos contra os incendios forestais no ano 2018, cofinanciada con Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020, servizo de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais durante a campaña, servizo de apoio técnico á prevención e defensa contra os incendios forestais en época de perigo alto de incendios forestais, e para o apoio á elaboración de estudos e análise estatística de incendios forestais por importe de cinco millóns seiscientos noventa e sete mil catrocentos oitenta e catro euros con trinta e tres céntimos (5.697.484,33 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a previsión de recursos da Unidade de Policía Adscrita (UPA) no Pladiga 2018.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as axudas do Igape para novos emprendedores: convocatoria Galicia Emprende 2018 e balance da convocatoria do 2017.
- Informe sobre a resolución das Unidades Formativas na Empresa para persoas desempregadas e ocupadas.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á prestación de servizos de asesoramento a persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións agrícolas ou gandeiras, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2018.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a Resolución da convocatoria de axudas 2018 a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP), para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020, ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP).

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO QUE AXILIZA O ACCESO Á TITULARIDADE DAS NOVAS OFICINAS DE FARMACIA CUN PROCEDIMENTO MÁIS OBXECTIVO E TRANSPARENTE

- *Logo da súa publicación no DOG, Sanidade iniciará a tramitación do concurso para a adxudicación das novas oficinas de farmacia*
- *O acto de adxudicación redúcese a un día, ao realizarse nun acto público único coa concorrencia de todos os aspirantes*
- *Establece un novo baremo para a adxudicación no que se dará prioridade á experiencia profesional, que será o que teña máis peso pasando de 30 a 60 puntos*
- *Como novidade, a reforma amplía de 3 a 15 anos o período de transmisión intervivos dunha oficina de farmacia adxudicadas polo procedemento do concurso*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a reforma do Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia. A finalidade desta reforma é axilizar o acceso á titularidade das novas oficinas de farmacia, cun procedemento máis obxectivo e transparente; así como garantir uns criterios obxectivos de selección para que o perfil dos adxudicatarios finais sexa acorde á experiencia necesaria para o desempeño profesional na titularidade dunha oficina de farmacia.

É obxectivo da Consellería de Sanidade convocar o concurso público de adxudicación de novas oficinas de farmacia logo da entrada en vigor deste decreto, efectivo ao día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Adxudicación máis áxil e transparente

A reforma establece que a adxudicación das novas oficinas de farmacia iniciárase coa convocatoria a un acto público único coas debidas garantías ao que están chamados a concorrer todos os participantes, e no que cada un deles presentárase a todas as oficinas convocadas. Este sistema é moito áxil que o anterior, pois reduce o tempo de elección ao propio día do acto. O procedemento anterior, polo que se rexou o último concurso, podía prolongarse durante meses pois cada solicitante tiña que pedir as prazas que quería e despois adxudicábanse cunha tramitación moi laboriosa.

O acto público realizarase mediante chamamento individual das persoas concursantes (ou representante legal) segundo a orde obtida na lista definitiva de puntuacións, comezando coas de maior puntuación. Cada participante poderá optar a unha das oficinas de farmacia que non foran elixidas polos anteriores e formalizar a súa elección. O acto rematará cando estean elixidas todas as oficinas convocadas, ou no seu

defecto, o chamamento de todas as persoas concursantes. Unha vez finalizado, levantarase acta na que se fará constar o resultado.

Así mesmo, co fin de garantir a viabilidade e correcta tramitación do procedemento de apertura, as persoas que resulten adxudicatarias de oficinas de farmacia, disporán dun prazo de dez días para acreditar documentalmente ter constituído garantía suficiente para cubrir o importe de 3.000 euros (mediante depósito na Tesourería Xeral da Administración Autónoma de Galicia ou mediante aval bancario); o aval será reintegrado unha vez se produza a apertura ao seu nome da nova farmacia.

Novidades da normativa

En concreto, a reforma establece un novo baremo no que a experiencia profesional pasa a constituír o criterio de maior peso a efectos de valoración, pasando dun máximo de 30 (conforme ao baremo anterior) a un máximo de 60 puntos. Neste apartado increméntase a puntuación correspondente ao exercicio relacionado coa dispensación de medicamentos en oficinas de farmacia, dado que o que se trata é de garantir que esta labor poida realizarse polas novas persoas adxudicatarias coa maior eficacia e eficiencia, a efectos de prestar un servizo de calidade ás persoas usuarias.

Teranse en conta tamén os méritos académicos, a formación posgraduado, o coñecemento da lingua galega e as medidas de fomento, mantemento e creación de emprego.

Entre outras novidades, a reforma amplía de 3 a 15 anos o período de transmisión intervivos das oficinas de farmacia, unha medida que se aplicará a partir de agora ás oficinas de farmacia adxudicadas polo procedemento de concurso público que se porá en marcha.

A reforma deste decreto forma parte dos traballos previstos de actualización do resto de normativa vixente en materia de ordenación e planificación farmacéutica, na que tamén están enmarcados o decreto do mapa farmacéutico de Galicia, aprobado en novembro do ano pasado, e o anteproxecto de lei de ordenación farmacéutica.

A XUNTA ACHEGA AO CONCELLO DE SANTIAGO POLO ESTATUTO DE CAPITALIDADE 2,32 MILLÓNS DE EUROS

- *A asignación mantense estable respecto ao ano anterior*
- *A Xunta contribúe así ao sostemento dos servizos derivados da súa condición de capital de Galicia e sede das institucións autonómicas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda, e o Concello de Santiago de Compostela para o financiamento do Estatuto de capitalidade desta cidade. A cantidade que a Xunta achegará ao Concello para facer fronte aos gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma e sede das institucións autonómicas ascende a 2.325.000 euros, un importe igual ao de 2017.

O 24 de xullo de 2002 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Lei 4/2002, do 25 de xuño, do Estatuto da capitalidade de Santiago de Compostela, co obxecto de regular o estatuto especial desta cidade como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma. Establécense así os mecanismos adecuados para o tratamento xurídico-administrativo e financeiro da capitalidade desta cidade.

Neste marco realizarase unha xustificación do financiamento que consistirá na certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control interno no Concello de Santiago, da toma de razón en contabilidade dos libramentos feitos pola Comunidade Autónoma de que os referidos importes derivan do establecido na Lei 4/2002, e de que estes foron destinados a financiar os gastos do Concello xurdidos como consecuencia de ser a capital de Galicia.

Deste xeito, e co obxectivo de establecer unha coordinación entre a Administración autonómica galega e o Concello de Santiago no referido ás competencias e responsabilidade derivadas da capitalidade, creouse o Consello da Capitalidade, que, ademais, será o encargado da interpretación e do seguimento do cumprimento do convenio aprobado hoxe.

A fixación de Santiago como sede das institucións autonómicas derivou na necesidade de afrontar novos retos, particularmente en relación coa prestación de servizos públicos, determinados directamente pola presenza das institucións autonómicas no termo municipal.

Esta lei establece unha previsión de financiamento específico nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma co cal se pretende contribuír ao financiamento dos servizos e gastos do Concello motivados por este estatuto de capitalidade.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE SANEAMENTO DA ENSEADA DA MALATA EN FERROL POR MÁIS DE 7 MILLÓNS DE EUROS

- *Esta actuación posibilitará a posta en marcha dos traballos cos que se completará o saneamento integral da ría e que dará servizo a preto de 15.000 habitantes*
- *O Goberno galego avanza no cumprimento dos obxectivos marcados ao inicio da lexislatura referidos a ter concluída toda a planificación do saneamento das rías no horizonte 2020*
- *As infraestruturas previstas compóñense de dous tanques de tormentas, unha estrutura de regulación na Malata, unha rede de 5 colectores xerais de saneamento e conexións coa rede existente e a remodelación do bombeo da Cabana*

O Consello da Xunta dá luz verde á licitación das obras de saneamento da enseada da Malata, en Ferrol, coas cales se completará o saneamento integral da ría, por un importe de 7,1 millóns de euros.

Esta actuación súmase ás executadas polo Estado e cofinanciadas pola Xunta de Galicia e os concellos de Narón e Ferrol na marxe norte da ría, que permitiron a posta en funcionamento da rede de interceptores para a recollida e condución das augas residuais ata a EDAR de Cabo Prioriño, onde se depuran antes da súa vertedura ao mar.

Deste xeito, o Goberno galego segue avanzando no cumprimento dos obxectivos marcados ao inicio da lexislatura referidos a ter concluída toda a planificación do saneamento das rías no horizonte do ano 2020.

A licitación desta actuación facilitará a recuperación ambiental, implicará un incremento da competitividade económica e turística da zona e aumentará a calidade de vida dos veciños. Segundo as previsións do Goberno galego, as infraestruturas planificadas para a enseada da Malata darán servizo a preto de 15.000 habitantes.

Estas novas infraestruturas compóñense de dous tanques de tormentas, e un deles estará situado nas inmediacións do FIMO da Malata e contará cun volume útil de 1.500 metros cúbicos. Ademais, poderá xestionar un caudal de 42 litros por segundo e impulsará este caudal ata un pozo de descarga que conducirá por gravidade as augas residuais con destino último a estrutura de regulación da Malata. Pola contra, o tanque de tormentas previsto nas proximidades do CIS Galicia dispón dun volume útil de 500 metros cúbicos e poderá xestionar un caudal de 17,40 litros por segundo. O caudal impulsado chegará a un colector desde o cal se conducirán as augas residuais ata a

EBAR existente. É importante sinalar que este tanque vén substituír a estación de bombeo existente, en avanzado estado de deterioración.

Ademais, prevese a dotación da estrutura de regulación da Malata, que controlará o caudal procedente da marxe leste da enseada da Malata transportado polo colector xeral. Igualmente, construírse unha rede de colectores xerais de saneamento e a súa conexión coa rede existente. Por último, remodelarase o bombeo existente na zona da Cabana.

Investimentos realizados na Ría de Ferrol

Unha das máximas prioridades do Goberno galego foi o saneamento das rías e, nese sentido, ten realizado importantes esforzos nas rías galegas en xeral e de Ferrol, particularmente, polo que se apostou polo saneamento, tanto na marxe norte, onde se concentra a maior parte da poboación, como na marxe sur.

A primeira fase de saneamento da marxe norte rematou en 2011, e supuxo a execución da EDAR de Cabo Prioriño, así como dos emisarios submarino e terrestre. Logo destes traballos, en 2014 comezou a acometerse a segunda fase, que se centrou nos colectores interceptores da rede xeral de Ferrol e Narón. Esta actuación, pola vez, dividiuse en tres tramos: A Malata-A Gándara, Gándara-Cadaval e Cadaval-Neda. Así, o saneamento da marxe norte implicou un investimento global de máis de 200 millóns de euros.

Pola súa banda, na marxe sur, a Xunta asumiu integramente a execución de infraestruturas de depuración e colectores xerais nos concellos de Ares, Fene e Mugardos. Entre outras actuacións, executouse unha nova EDAR en Punta Avarenta, así como una extensa rede de colectores xerais nestes tres concellos. Todos estas instalacións están tamén en servizo e tiveron un custo de máis de 76 millóns de euros.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA A INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL DO PROXECTO SECTORIAL DO SISTEMA AEROPORTUARIO DE SANTIAGO

- *Este acordo ten por finalidade facilitar o desenvolvemento por parte de Aena do plan director do aeroporto e do plan de actuación aeroportuaria*
- *A súa finalidade é conseguir a plena integración do aeroporto no territorio sobre o cal se asenta, incorporando o dito sistema xeral nos plans urbanísticos e territoriais dos concellos de Santiago de Compostela, Boqueixón e O Pino*
- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda inicia a tramitación do proxecto sectorial, coa apertura do proceso de información pública*
- *Os investimentos no aeroporto de Santiago recollidas polo Ministerio de Fomento no Documento de Regulación Aeroportuaria 2017-2021 ascende a preto de 14,3 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que se declara de incidencia supramunicipal o proxecto sectorial do sistema xeral aeroportuario de Santiago, facilitando o desenvolvemento do plan director do aeroporto e do plan de actuación aeroportuaria redactados pola empresa pública Aena.

Este proxecto sectorial ten como finalidade conseguir a plena integración do aeroporto de Santiago no territorio sobre o que se asenta, incorporando o dito sistema xeral nos plans urbanísticos e territoriais dos concellos de Santiago de Compostela, Boqueixón e O Pino. Inclúe tamén as medidas e as previsións necesarias para garantir unha eficiente xestión e explotación, así como o seu desenvolvemento e conexión cos sistemas xerais de transporte terrestre.

Deste xeito, o obxectivo do proxecto sectorial elaborado por Aena é a ordenación urbanística e territorial dos sistemas xerais aeroportuarios e a súa tramitación é unha competencia autonómica ao afectar máis dun concello.

O proxecto sectorial do sistema xeral aeroportuario de Santiago trata de garantir unha oferta que potencie o aeroporto como porta de entrada do turismo nacional e internacional, e xere actividade económica, emprego e renda. E ao mesmo tempo mellóranse as instalacións do aeroporto como centro de atracción para outras industrias e actividades económicas asociadas ás súas sinerxías.

A posta en marcha das actuacións que se van desenvolver realizarase seguindo un plan de etapas en que as distintas fases se asocian á evolución da relación capacidade/demanda ligada á prognose de tráfico contida no Plan director do aeroporto e nos plans de actuación aeroportuaria.

Os investimentos en infraestruturas públicas correspondentes ao aeroporto de Santiago e recollidas polo Ministerio de Fomento no Documento de regulación aeroportuaria (DORA) 2017-2021 ascende a preto de 14,3 millóns de euros.

Coa declaración de incidencia supramunicipal do proxecto sectorial de Aena para o sistema xeral aeroportuario de Santiago, correspóndelle á conselleira de Infraestruturas e Vivenda iniciar a súa tramitación. Este proceso inclúe a exposición a información pública do proxecto de Aena, a recepción de informes sectoriais, a resolución de alegacións e a elaboración do documento final do proxecto sectorial, para a súa aprobación definitiva polo Consello da Xunta e posterior publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A XUNTA DECLARA A INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL DO PROXECTO SECTORIAL DO SISTEMA XERAL AEROPORTUARIO DE VIGO

- *Este acordo ten por obxectivo facilitar o desenvolvemento por parte de Aena do plan director do aeroporto e do plan de actuación aeroportuaria*
- *A súa finalidade é conseguir a plena integración do aeroporto no territorio sobre o cal se asenta, incorporando o dito sistema xeral nos plans urbanísticos e territoriais dos concellos de Vigo, Mos e Redondela*
- *Os investimentos no aeroporto de Vigo recollidos polo Ministerio de Fomento no Documento de regulación aeroportuaria 2017-2021 ascende a preto de 9 millóns de euros*
- *Mediante este acordo, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda inicia a tramitación do proxecto sectorial, coa apertura do proceso de información pública*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que se declara de incidencia supramunicipal o proxecto sectorial do sistema xeral aeroportuario de Vigo, facilitando o desenvolvemento do Plan director do aeroporto e do Plan de actuación aeroportuaria redactados pola empresa pública Aena.

Este proxecto sectorial ten como finalidade conseguir a plena integración do aeroporto de Vigo no territorio sobre o cal se asenta, incorporando o dito sistema xeral no plan urbanístico e territorial dos concellos de Vigo, Mos e Redondela. Inclúe tamén as medidas e as previsións necesarias para garantir unha eficiente xestión e explotación, así como o seu desenvolvemento e conexión cos sistemas xerais de transporte terrestre.

O ámbito deste proxecto sectorial elaborado por Aena ten como obxectivo fundamental a ordenación urbanística e territorial dos sistemas xerais aeroportuarios e a súa tramitación é unha competencia autonómica ao afectar máis dun concello.

O proxecto sectorial do sistema xeral aeroportuario de Vigo trata de garantir unha oferta que potencie o aeroporto como porta de entrada do turismo nacional e internacional, e xere actividade económica, emprego e renda. E ao mesmo tempo mellóranse as instalacións do aeroporto como centro de atracción para outras industrias e actividades económicas asociadas ás súas sinerxías.

A posta en marcha das actuacións que se van desenvolver realizarase seguindo un Plan de etapas no que as distintas fases se asocian á evolución da relación capacidade/demanda ligada á prognose de tráfico contida no Plan director do aeroporto e no Plan de actuación aeroportuaria.

Os investimentos en infraestruturas públicas correspondentes ao aeroporto de Vigo e recollidas polo Ministerio de Fomento no Documento de regulación aeroportuaria (DORA) 2017-2021 ascende a preto de 9 millóns de euros.

Coa declaración de incidencia supramunicipal do proxecto sectorial de Aena para o sistema xeral aeroportuario de Vigo, correspóndelle á conselleira de Infraestruturas e Vivenda iniciar a súa tramitación. Este proceso inclúe a exposición a información pública do proxecto de Aena, a recepción de informes sectoriais, a resolución de alegacións e a elaboración do documento final do proxecto sectorial, para a súa aprobación no Consello da Xunta e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

UN TOTAL DE 617 AUXILIARES DE CONVERSA IMPULSARÁN O PRÓXIMO CURSO 2018/19 A APRENDIZAXE DAS LINGUAS ESTRANXEIRAS NO ENSINO

- *A Consellería de Educación renova o seu acordo co Ministerio para incorporar o curso que vén 493 profesionais*
- *A eles sumaranse outros 94, ben financiados pola Consellería ou ben a través da colaboración co Ministerio, co Instituto Confucio, co Instituto Camões e coa Académie de Amiens; así como outros 30 ao abeiro do convenio con Fulbright*
- *Esta actuación enmárcase na nova Estratexia galega de linguas estranxeiras, EDUlingüe 2020*

O sistema educativo galego contará o próximo curso 2018/19 cun total de 617 auxiliares de conversa, que axudarán a seguir impulsando e estendendo a aprendizaxe dos idiomas estranxeiros no ensino, en liña cos obxectivos marcados na nova Estratexia galega de linguas estranxeiras, EDUlingüe 2020. Neste contexto, o Consello da Xunta acaba de dar o seu visto e praxe á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio do ramo para a selección de 493 auxiliares destinados a Galicia.

A estes 493 sumaranse outros 94, que se incorporarán ao sistema educativo galego, ben financiados pola Consellería, ben a través da colaboración interinstitucional co propio Ministerio, co Instituto Confucio, co Instituto Camões e coa Académie de Amiens. Así mesmo, tamén prestarán os seus servizos un total de 30 auxiliares de conversa estadounidenses de alto perfil académico en inglés, ao abeiro do convenio asinado coa Comisión Fulbright. En total, a previsión para o curso que vén pasa por incrementar o número total de persoas que prestan este servizo máis dun 12%, e pasa das 550 do curso 2017/18 ás 617.

O convenio co Ministerio ascende a preto de 2,9 millóns de euros. Por idiomas, 468 serán auxiliares de lingua inglesa, 14 de lingua francesa, 7 de lingua alemá, 2 de lingua portuguesa e outros 2 de lingua chinesa. Estes profesionais desenvolverán o seu traballo maioritariamente en centros plurilingües, escolas oficiais de idiomas e centros educativos con seccións bilingües. Así mesmo, recibirán unha axuda económica e realizarán funcións de apoio á docencia da lingua estranxeira no centro de destino, sempre supervisados por unha persoa profesora titora-coordinadora.

Estadía integramente financiada pola Consellería

O Ministerio ocuparase de seleccionar os auxiliares e enviar a relación detallada antes do inicio do curso escolar, mentres que a Consellería, que financia integramente a súa estadía na Comunidade, será a encargada de adxudicalos aos diferentes centros

plurilingües, con seccións bilingües ou escolas oficiais de idiomas. Ademais, tamén organizará unha xornada de acollida dirixida a todos os auxiliares participantes.

Cómpre destacar que no presente curso houbo un total de 322 centros plurilingües (con plurilingüismo en Primaria ou Secundaria); 83 ampliaron por primeira vez o ensino plurilingüe a Infantil e 4 introducírono en bacharelato. En canto ás seccións bilingües, hai un total de 4125.

Achegamento á cultura doutros países

A figura do auxiliar de conversa é un elemento clave para achegar a realidade cultural e lingüística do seu país de orixe ao alumnado galego. Deste xeito, estas persoas levan a cabo un importante servizo complementario, ao apoiaren o labor do profesorado, facilitando as prácticas de conversa en linguas estranxeiras. Ademais, representan un auténtico vehículo de achegamento á cultura dos países onde se fala a lingua obxecto de estudo, polo que contribúen a reforzar o labor docente no compoñente de multiculturalidade.

Ademais, e debido ao alto perfil académico dalgunhas persoas candidatas, é previsible que acheguen un alto valor engadido aos proxectos plurilingües, por exemplo en ámbitos como os de materias STEM (Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñaría e Informática).

A XUNTA FINANCIARÁ UN PRODUTO AUDIOVISUAL PARA IMPULSAR OS VALORES DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

- *Convocarase un concurso de ideas para cinco proxectos, dos cales se seleccionará un*

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases dunhas subvencións para o desenvolvemento dun proxecto audiovisual en formato longametraxe ou serie de televisión, que será escollido entre cinco proxectos de contido específico que fomente a difusión dos valores culturais do Camiño de Santiago de cara á celebración do Xacobeo 2021.

As axudas desenvolveranse en dúas fases; a primeira destinada ao financiamento das propostas para os devanditos cinco proxectos que promovan os obxectivos anteriores. A selección na primeira fase supón unha subvención de 15.000 euros para cada un destes proxectos. A segunda fase supón a selección dun dos cinco proxectos do concurso de ideas para desenvolver unha longametraxe de, polo menos, 90 minutos, que recibirá un máximo de 1 millón de euros de axuda, ou unha serie de televisión de, polo menos, 300 minutos e 6 capítulos, que recibirá como máximo 1,5 millóns.

En todo caso, a axuda da Xunta non superará o 30% do custo total do produto audiovisual e, ademais, un importe equivalente ao 110% da axuda deberá destinarse a produción audiovisual en Galicia.

Os proxectos deberán ter un contido de calidade e atemporal en que o Camiño de Santiago sexa un elemento importante pero non necesariamente principal. Así mesmo, deberán contribuír á promoción dos valores culturais e paisaxísticos de Galicia, entre outros, que fomenten a imaxe da Comunidade como destino de visitantes e peregrinos; ao tempo que transmitan os valores do Camiño, contribúan á consolidación da marca Galicia e a fomentar a creatividade da industria audiovisual galega.

Entre as características que deben reunir os proxectos, valorarase, especialmente, que exista un equipo creativo (produción executiva, guión, dirección etc.) con currículo e prestixio demostrados, xunto coa valoración dun elenco de actores que xunte prestixio e perfil mediático.

Por outra banda, as produtoras que se presenten á convocatoria han ter capacidade para captar outros investimentos públicos e privados que permitan acadar un orzamento medio-alto, levar a cabo unha obra de máxima calidade e garantir as súas posibilidades de promoción e distribución. Recibirase unha puntuación especial á coprodución internacional, especialmente con países polos que discorre o Camiño.

Amais diso, os acordos internacionais de distribución en TV ou plataformas dixitais, así como a estratexia de comercialización, difusión e marketing recibirán unha puntuación prioritaria.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DESTINA MÁIS DE 4,6 MILLÓNS DE EUROS ÁS TRES UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS

O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga dos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago, A Coruña e Vigo. A renovación desta colaboración coas tres universidades galegas permite a utilización das institucións sanitarias co obxectivo docente, asistencial e de investigación.

Esta colaboración –iniciada no 2001- conta cun orzamento global que ascende a 4.679.174,5 euros para un período dun ano (segundo semestre de 2018 e primeiro semestre de 2019).

Esta achega representa o compromiso da Consellería e o Servizo Galego da Saúde dunha banda, cos seus profesionais para que compartan a actividade asistencial coa actividade docente e investigadora. Doutra banda, representa o compromiso co alumnado ao poñer á disposición do sistema universitario galego todos os seus recursos .

O orzamento dos concertos está destinado a financiar todo o custo de persoal derivado da dispoñibilidade para a docencia pregraduada, posgraduada e continuada dos profesionais. Tamén o cumprimento dos acordos e obxectivos específicos adquiridos coa colaboración como a formación dos alumnos de ciencias da saúde para conseguir os mellores profesionais do futuro e o mantemento da cualificación dos profesionais ao seu máis alto nivel. Así como traballar para que as ensinanzas universitarias relacionadas coas ciencias da saúde poidan ser utilizadas para a mellora constante da atención sanitaria.

Ademais, os concertos potencian a investigación das ciencias da saúde, coordinando as actividades das universidades coas das institucións sanitarias para unha mellor utilización dos recursos humanos.

A XUNTA DESTINA 3,4 MILLÓNS DE EUROS AO PROGRAMA DO BONO CONCILIA PARA FINANCIAR PRAZAS DE 0 A 3 ANOS EN ESCOLAS INFANTÍS

- *O Bono Concilia é unha axuda económica destinada ás familias que tendo solicitada unha praza nas escolas infantís sostidas con fondos públicos non a obtivesen e a aquelas que residan nun concello onde non existen recursos deste tipo sostidos con fondos públicos*
- *O obxectivo da Administración autonómica é conseguir, como no presente curso, que todas as familias solicitantes dunha praza para a atención á infancia de 0 a 3 anos a obteñan e non exista lista de espera*
- *Esta convocatoria recolle como novidade para o curso 2018/19 o dereito a presentar solicitudes fóra do prazo ordinario para as mulleres vítimas da violencia de xénero que residan en concellos onde non existan escolas infantís sostidas con fondos públicos*
- *Na anterior convocatoria foron 3648 as familias que se beneficiaron desta achega económica directa que forma parte das medidas do Programa de apoio á natalidade (PAN Galicia) que está a desenvolver o Goberno galego*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza o gasto plurianual co obxecto de regular a nova convocatoria do programa Bono Concilia para o curso 2018/19, que está dirixido a aquelas familias que residan nun concello onde non existen centros sostidos con fondos públicos, así como a aquelas que non obtivesen praza nas escolas infantís de 0 a 3 anos da rede autonómica ou dependentes dos concellos. Desta maneira, os pais e nais cuxos fillos ou fillas quedaran en lista de espera nestes centros contarán cunha subvención para sufragar o custo da escola infantil non sustentada con fondos públicos que consideren oportuno. Ademais, esta edición recolle como novidade o dereito a cursar a petición fóra de prazo ordinario das mulleres vítimas da violencia de xénero que residan en concellos onde non existan escolas infantís de 0 a 3 anos que reciban achegas públicas.

Así, esta nova convocatoria contará cun crédito inicial de 3.489.200 euros, que se incrementará, se é preciso, para atender todas as solicitudes ao igual que aconteceu no presente curso que partindo desta mesma cantidade, finalmente se ampliou ata superar os 4,2 millóns de euros. A contía da axuda que se percibirá por cada praza de xornada completa oscila entre os 45 euros mensuais para as rendas máis altas e os 250 euros para as rendas máis baixas, con comedor incluído. A media xornada oscila entre os 22,50 e os 125 euros. A achega aboarase mensualmente de xeito directo ás familias e para ser beneficiarias, as persoas solicitantes deben ter unha nena ou neno nado con posterioridade ao 31 de decembro de 2015. A previsión é que a convocatoria se recolla no *Diario Oficial de Galicia (DOG)* entre finais do presente mes de xuño e

principios de xullo, sendo o prazo de presentación de solicitudes dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación oficial.

Cómpre indicar que o Bono Concilia é compatible con outras axudas que puidesen recibir as familias que a mesma finalidade sempre que non superen o custe da praza sufragada. Teñen prioridade aqueles nenos e nenas que xa tivesen concedida axuda no presente curso, coa finalidade de que se poida dar continuidade á súa escolarización. Así mesmo, promociónase o dereito á escolarización de irmáns ou irmás nun mesmo centro para facilitar a conciliación das familia; e tamén poden optar ao Bono Concilia aquelas familias en que as dúas persoas proxenitoras traballen en quenda de tarde ou en quendas rotativas e que, con dereito a praza pública, esta non lles resolva as súas necesidades horarias.

Deste xeito, a Xunta pon á disposición dos pais e nais unha rede de recursos de conciliación da vida laboral, persoal e familiar máis ampla e flexible, pois unha vez esgotada a dispoñibilidade de prazas de 0 a 3 anos nas escolas da Galiña Azul ou nas de titularidade municipal, apóiase ás familias mediante a subvención do custo dunha praza na escola infantil non sustentada con fondos públicos que escollan para os seus fillos e fillas. O obxectivo da Xunta de Galicia é conseguir que todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de entre cero e tres anos a obteñan e que non exista lista de espera.

Na anterior orde de axudas, o número de familias que recibiron a axuda do Bono Concilia ascendeu a 3.648, un milleiro máis das que a recibiron no exercicio de 2016 e tres veces máis das que a obtiveron en 2015. Neste mesmo período de tempo, o crédito inicial do programa duplicouse, pasando dos 1,7 millóns orzados fai tres anos aos 3,4 cos que partirá a nova convocatoria, que non ten teito de gasto e que, polo tanto, poderase ampliar a súa contía no caso de que sexa necesario co gallo de satisfacer todas as solicitudes.

No seu conxunto, a rede de escolas infantís de 0 a 3 anos sostidas con recursos públicos acadará o curso 2018/19 as 24.081 prazas. Esta cifra supón un incremento dun 6,8% en comparación coa situación actual, con 1.642 novas prazas; e inclúe a oferta das escolas da Galiña Azul, as cales dependen de entidades de iniciativa social e as privadas que contrata a Administración autonómica, os centros que son de titularidade dos concellos e as prazas en recursos de atención á infancia que xestionan entidades como o Servizo Galego de Saúde e as Universidades.

Hoxe Galicia supera a ratio aconsellada pola Unión Europea en canto a prazas en escolas infantís. Desde o ano 2009 a Xunta aumentou esta ratio un 19%, ata acadar a

partir do vindeiro mes de setembro unha cobertura superior ao 41% de nenos e nenas galegas de 0 a 3 anos.

Programa de apoio á natalidade (PAN)

A axuda económica directa ás familias que regula o Bono Concilia forma parte da área de conciliación do Programa de apoio á natalidade (PAN) e constitúe un recurso máis que a Administración autonómica pon á disposición das familias para facilitar a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral. O PAN complétase coa área PAN Axudas, que inclúe a Tarxeta Benvida e outras medidas como a dedución fiscal por nacemento ou o pagamento único por neno ou nena menor de tres anos; e co PAN Servizos, eixe en que se enmarcan recursos e servizos para as familias galegas co obxecto de crear contornos favorables e mellorar o seu benestar no momento da chegada dun fillo ou filla.

As diferentes opcións promovidas pola Xunta de Galicia en materia de conciliación están fundamentadas no fomento da igualdade entre mulleres e homes tanto no ámbito doméstico como laboral e na consideración de que o coidado de menores e de persoas dependentes é tanto un dereito como unha responsabilidade colectiva de toda a sociedade e mais dos poderes públicos.

A conciliación é un pilar básico na abordaxe do reto demográfico, que constitúe unha actuación transversal que implica todos os departamentos da Xunta de Galicia tal como se recolle no Plan estratéxico rexional Galicia (PEG) 2015-2020 ou no I Plan galego de conciliación e corresponsabilidade. Para iso, estase a traballar no fomento do valor social das familias en todas as súas modalidades e sobre a súa situación socioeconómica. Favorecer o acceso ao transporte e á mobilidade e potenciar o desenvolvemento sociocultural, a calidade de vida e o asentamento poboacional no rural e nas zonas costeiras non urbanas tamén son fórmulas para o fomento da continuidade demográfica.

A XUNTA AMPLÍA O TEMPO DE PRESTACIÓN DAS BRIGADAS DE SEAGA PARA A TEMPADA DE ALTO RISCO DE INCENDIOS FORESTAIS DE 3 A 4 MESES

- *Nos últimos anos detectouse que as condicións climatolóxicas son favorables para a proliferación de lumes no mes de outubro, de aí que se amplíe o servizo destes 500 traballadores*
- *As 125 brigadas desta empresa pública reforzan o dispositivo de incendios, que, na tempada de verán, acada os preto de 7.000 efectivos*
- *Realizarán traballos preventivos nos montes de xestión pública de Galicia e colaborarán nas tarefas de defensa e extinción*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a encomenda de xestión da Consellería do Medio Rural á Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) para a execución de traballos preventivos e servizo de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais durante a campaña de alto risco 2018, que comprende os meses de xullo a setembro.

Como principal novidade, este ano incrementase o tempo de prestación destas brigadas, pasando de 3 a 4 meses, debido a que nos últimos anos se detectou que as condicións climatolóxicas en Galicia son favorables para a proliferación de incendios no mes de outubro. Como medida preventiva, decidiuse incrementar a duración deste servizo, o cal reforza o dispositivo de loita contra os incendios forestais na tempada de alto risco, que se mantén entre os meses de xullo e setembro.

Sobre o terreo traballarán un total de 500 persoas, as cales se agrupan en 125 brigadas de 4 membros cada unha. Estas brigadas, que se cofinanciarán co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, deberán realizar traballos preventivos nos montes de xestión pública de Galicia e colaborar nas tarefas de defensa e extinción de incendios forestais. Ademais, a encomenda inclúe outros 28 traballadores que se dedicarán á elaboración de estudos e análise estatística.

Todas estas brigadas se integran no dispositivo de loita contra incendios forestais baixo o mando único da Xunta, o que garante o seu correcto funcionamento. Deste xeito, serán máis de 7.000 persoas -entre efectivos da Xunta, persoal do Ministerio, do Exército e dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado- as que conformen o operativo humano de prevención e extinción, sendo este un dos máis potentes de toda España.

Ademais, contarase con preto dunha trintena de medios aéreos –entre os propios da Xunta e os que achega o Estado– e 360 motobombas da Xunta, dos concellos e dos parques de bombeiros, aos cales se engaden cisternas, pas e outros vehículos.

MÁIS DE 250 AXENTES DA POLICÍA AUTONÓMICA ESTARÁN DESPREGADOS POLOS MONTES GALEGOS PARA LOITAR CONTRA OS LUMES NA TEMPADA DE VERÁN

- *Os axentes estarán despregados polos montes galegos para controlar a actividade incendiaria e deter os autores dos lumes, ademais de levar a cabo un labor preventivo e disuasorio*
- *Este ano, os axentes contan con 60 todoterreos, 27 turismos camuflados e oito motos de montaña, o que supón un incremento en medios arredor dun 28 por cento con respecto á campaña do ano pasado*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao informe da Policía Autonómica sobre a previsión de recursos no Pladiga 2018, polo cal a a Policía Autonómica desprega 256 efectivos polos montes galegos para previr e investigar os lumes no territorio da Comunidade Autónoma galega.

O persoal da Policía Autonómica tal e como vén facendo nos últimos anos, centrará os seus esforzos e a súa actividade en que se poida reducir o número de lumes, pero tamén para que se produza a detención ou imputación dos seus autores, sexan de carácter intencionado ou negligente, mantendo sempre as dúas premisas que se seguirán desde a perspectiva policial, que son controlar a posible actividade incendiaria e deter ás persoas que resulten autoras dos lumes, de acordo coas pautas recollidas no Pladiga 2018.

No marco do Plan anual contra os incendios forestais-Pladiga-, a Policía Autonómica establece unha planificación global de traballo, tanto en actividades preventivas como de investigación, que se potencia nos meses de xullo, agosto e setembro, ademais das épocas excepcionais nos casos de vagas de lumes.

Deste xeito, este ano, en colaboración e sempre coordinados co resto dos corpos de seguridade, incentívase a presenza activa das patrullas nas zonas que lles son asignadas, así como a investigación de todas as circunstancias que puidesen concorrer naqueles lumes que se producisen, identificando e detendo os seus autores. Ademais, para dar unha resposta policial efectiva estes axentes contarán con sesenta vehículos todoterreo.

Para dar unha resposta policial axeitada e efectiva, cóntase con vehículos e motocicletas todoterreo, repartidos en todas as sedes da Policía, de xeito que permitan a súa utilización na prevención e loita contra os incendios forestais, aló onde estes se produzan. En 2018 incrementáanse estes recursos en máis dun 20%, salientando a renovación producida no parque móbil da Unidade, derivada da adquisición de 30

novos vehículos todo terreo que lle foron entregados en novembro de 2017; 27 turismos camuflados e 8 motos todo terreo.

Ademais, o aproveitamento da súa experiencia, así como a súa formación específica nesta materia fai que o traballo dos axentes autonómicos resulte fundamental para controlar a actividade incendiaria e deter as persoas autoras de lumes nos montes. En concreto, e na data de hoxe, xa son 30 as persoas detidas ou imputadas por delitos relacionados cos incendios forestais en Galicia.

No pasado ano 2017, nun marco de colaboración e coordinación co resto dos corpos e forzas de seguridade participantes, e tamén cos equipos contra incendios da propia Consellería do Medio Rural, a UPA desenvolveu unha importante actividade na prevención e investigación de incendios, que tivo como resultado un total de 91 persoas detidas ou investigadas.

GALICIA MOBILIZARÁ 11 MILLÓNS DE EUROS PARA IMPULSAR 80 NOVOS PROXECTOS DE EMPRENDEDORES E AUTÓNOMOS

- *O obxectivo do Galicia Emprende é favorecer a xeración de emprego de calidade a través de novas empresas e da consolidación de compañías novas de recente creación*
- *A iniciativa desenvolta pola Consellería de Economía, Emprego e Industria incluírá dúas convocatorias sucesivas durante este ano para facilitar a presentación e a execución dos investimentos*
- *A través do Galicia Emprende e do Galicia Rural Emprende, a Xunta concedeu o pasado ano axudas a 162 proxectos empresariais de emprendedores que mobilizan máis de 18 millóns e permiten a creación e mantemento de 385 postos de traballo*
- *O orzamento destinado en 2018 ao emprendemento ao abeiro destes dous programas suma 7,5 millóns de euros*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria activará nas próximas semanas unha nova edición do programa Galicia Emprende, que achegará axudas por valor de 3 millóns de euros a 80 proxectos de autónomos e emprendedores que mobilizarán investimentos que acadarán os 11 millóns de euros.

Segundo se informou hoxe no Consello da Xunta, esta liña de apoio ao emprendemento, desenvolta polo Igape e cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Económico, ten como obxectivo estimular o tecido empresarial galego e fomentar a xeración de emprego mediante a creación e fortalecemento de novas pemes. O importe dos investimentos apoiados estará comprendido entre os 25.000 e os 500.000 euros e as axudas poderán cubrir ata o 30% deles no caso das pequenas empresas e ata o 20% no das medianas.

Os novos emprendedores ou autónomos interesados en solicitar as axudas poderán facelo en calquera das dúas edicións que, de xeito sucesivo, se activarán durante este ano para facilitar a elaboración, presentación e execución dos investimentos. Pódense acoller proxectos promovidos en Galicia, tanto de nova creación como de consolidación de empresas durante os seus primeiros 42 meses de funcionamento.

Balance 2017

Ao abeiro das convocatorias do Galicia Emprende de 2017, a Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsou 118 proxectos empresariais de emprendedores e autónomos. Os investimentos mobilizados, cun importe medio por proxecto de máis de 100.000 euros, acadaron os 13,48 millóns. A previsión de creación e mantemento de emprego asociada acada os 264 postos de traballo.

Os proxectos aprobados nas convocatorias do pasado ano abranguen, entre outras, actividades do sector industrial como soldadura e construción de estruturas metálicas, elaboración e comercialización de viño ou produtos *delicatessen*, fabricación de produtos ortopédicos ou de compoñentes electrónicos; e actividades de servizos relacionadas coa fisioterapia, o comercio, o alugamento de maquinaria, a restauración ou a asistencia a persoas maiores.

Co mesmo obxectivo pero focalizando a acción no ámbito rural, a Xunta vén desenvolvendo, tamén a través do Igape, o programa Galicia Rural Emprende, deseñado para promover a diversificación e creación de novas empresas non agrícolas sobre o territorio. Na convocatoria de 2017 deste programa concedéronse axudas a 44 proxectos aprobados nos cales se mobilizaron 5M€ en investimentos.

Deste xeito, a través das edicións dos programas Galicia Emprende e Galicia Rural Emprende correspondentes ao pasado ano, a Xunta concedeu axudas a 162 proxectos empresariais de emprendedores que mobilizan máis de 18 millóns de euros en novos investimentos, levando asociada a creación e o mantemento de 385 postos de traballo. O orzamento destinado este ano pola Xunta ao emprendemento, a través do Igape, ao abeiro de ambos os rogramas, suma de novo 7,5 millóns de euros, como en 2017.

A XUNTA FINANCIA O 100% DA FORMACIÓN Á CARTA QUE 83 EMPRESAS IMPARTIRÁN A 3200 TRABALLADORES E DESEMPREGADOS

- *O Goberno galego investirá 5,4M€ nas unidades formativas, iniciativas coas que recibirán cualificación especializada máis de 1000 persoas no sector naval a través de 139 cursos; máis de 800 en automoción; 430 nas TIC; e preto de 340 no metal*
- *A través de 82 unidades formativas, que terán lugar en 28 empresas, formaranse 1200 desempregados dos cales como mínimo, obterán un contrato o 40% dos participantes (480 persoas)*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria inviste 3,1M€ para apoiar 250 unidades formativas para 2000 traballadores*
- *Esta actuación da Xunta permitiu que o Estado aprobase 27 novos itinerarios formativos, propostos polas propias compañías e, polo tanto, axeitados ás necesidades produtivas, que agora terán validez en toda España, entre os que se atopan cursos vinculados ao naval e á robótica industrial*

O Goberno galego porá en marcha nas próximas semanas 332 unidades formativas en 83 empresas galegas para cualificar á carta a 3200 traballadores e persoas desempregadas. O Consello da Xunta informou hoxe da resolución das primeiras convocatorias deste programa en que a Consellería de Economía, Emprego e Industria investirá 5,4 millóns de euros.

Esta iniciativa, coa que se financia o 100% da formación, permitirá atender as demandas do tecido produtivo galego, xa que a Administración autonómica apoia unha formación adaptada e axustada as súas necesidades. Trátase do único programa do Estado que ofrece formación á carta dirixido ao tecido empresarial e recibirán cualificación especializada máis de 1000 persoas do sector naval a través de 139 cursos; máis de 800 da automoción en 66 unidades; 430 do sector TIC por medio de 51 accións e preto de 340 no metal en 31 unidades. Así mesmo, outros sectores emerxentes e estratéxicos da economía galega que contarán con cualificación á carta son o aeronáutico, o forestal, a pedra e a lousa, o téxtil, o sociosanitario, as enerxías renovables, o de conservas e o vinculado ao plástico e envases.

Unidades para desempregados

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, dunha banda, apoiará a formación de 1200 desempregados a través dun investimento de 2,3 millóns de euros, co que se porán en marcha 82 unidades formativas en 28 empresas. Esta actuación inclúe por parte do tecido empresarial un compromiso de contratación de, polo menos, o 40% dos alumnos e alumnas que participen na medida, polo que un mínimo de 480 persoas recibirán un contrato laboral. A Xunta, ademais, apoiará as compañías nas

contratacións cando superen o compromiso fixado do 40%. Os contratos indefinidos financiaranse con axudas de entre 7000 e 16.000 euros.

Por proposta das propias firmas, deseñáronse 27 programas de formación á carta que foron aprobados polo Estado. Así, grazas á iniciativa da Xunta, haberá 27 novos itinerarios formativos, axeitados ás necesidades produtivas, que agora terán validez en toda España. Cabe destacar dúas novas especialidades de soldadura e unha programación avanzada en robótica industrial e técnicas de automatización. No sector naval aprobáronse cursos de electricista naval, de aplicador naval, de servizos auxiliares no estaleiro, de climatización e ventilación.

Os principais sectores onde se impartirá formación á carta para desempregados son a automoción, con 570 alumnos e alumnas a través de 38 unidades; o naval, no cal se cualificarán 154 persoas; o sociosanitario, con 165 alumnos a través de 11 cursos; as TIC, coa participación de 57 persoas; e o aeronáutico, con 30 alumnos.

Unidades para ocupados

A Administración autonómica, doutro lado, apoiará cun investimento de 3,1 millóns de euros a posta en marcha de 250 unidades formativas para cualificar a 2000 traballadores en 55 empresas. Por exemplo, no naval iniciaranse 127 unidades para cualificar a 897 alumnos e alumnas, a través dun investimento de 1,3 millóns de euros; no sector das TIC haberá 47 cursos para 373 traballadores, para o que se destinarán 800.000 euros; no metal arrancarán 28 unidades para formar 300 alumnos cun orzamento de 300.000 euros; na automoción haberá 28 accións formativas para 246 traballadores; no forestal comezarán 12 unidades para 103 alumnos; no eido da pedra poranse en marcha 4 unidades para 60 alumnos e no sector das enerxías renovables outras 4 para 40 traballadores.

Os dous programas, cos cales se ofrece formación á carta, adaptada ás necesidades que require o mercado de traballo actual, forman parte da Axenda 20 para o emprego, coa que a Xunta está impulsando unha inserción laboral de calidade, e da Axenda Industria 4.0, que ten como un dos seus retos principais que o sistema formativo se oriente á realidade da industria, é dicir, á revolución tecnolóxica en que está inmerso o tecido produtivo galego.

MEDIO RURAL DESTINA TRES MILLÓNS DE EUROS A UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA FOMENTAR O ASESORAMENTO NAS EXPLOTACIÓNS

- ***Os beneficiarios serán entidades privadas que axuden a agricultores e gandeiros a mellorar a xestión sustentable e o rendemento global do seu traballo***

A Consellería do Medio Rural destinará tres millóns de euros este ano a unha nova liña de axudas para a prestación de servizos de asesoramento aos titulares das explotacións agrogandeiras. Os beneficiarios serán entidades privadas, debidamente rexistradas, que axudan os agricultores e gandeiros a mellorar a xestión sustentable e o rendemento global das súas explotacións. Os detalles desta convocatoria, que sairá proximamente publicada no *Diario Oficial de Galicia*, inclúense nun informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta.

Establécense tres modalidades de servizos de asesoramento (básico, intermedio e integral), cunha duración máxima dun ano. A axuda aboarase en función destes tipos de prestación, cos cales se busca, por unha banda, que labregos e gandeiros sexan máis conscientes da relación entre as prácticas agrícolas e a xestión das explotacións e, por outra, que se apliquen no cumprimento das normas en materia de ambiente, cambio climático, boa condición agrícola da terra, seguridade alimentaria, saúde pública, sanidade animal, fitosanidade e benestar animal.

No nivel de asesoramento básico, o alcance do servizo comprende materias relacionadas coa obrigas derivadas dos requisitos legais de xestión e boas condicións agrarias e medioambientais, así como a titorización dos agricultores que se instalen por primeira vez, axudándolles na posta en práctica do seu plan empresarial.

O asesoramento intermedio incorpora, ademais, aspectos relacionados coa modernización das explotacións, consolidación da competitividade, integración sectorial, innovación e orientación ao mercado, entre outros. Por último, a modalidade integral pretende ofrecer ao titular da explotación un servizo máis completo, dirixido á mellora do seu rendemento global, mediante a elaboración, posta en práctica e seguimento dun Plan estratéxico de asesoramento.

Estas achegas para servizos de asesoramento forman parte do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 e están cofinanciadas con fondos Feader nunha porcentaxe do 75%, nun 7,5% pola Administración xeral do Estado e nun 17,5% pola Xunta.

Formación de asesores

Tamén, en relación con este eido do asesoramento, a Xunta empezou este ano a financiar, por primeira vez, a formación de asesores por todo o territorio galego, para mellorar a competitividade do agro. Medio Rural destina a estas accións formativas preto de 200.000 euros ata 2020, co obxectivo de chegar a un total de 150 asesores, que realizarán un total de 44 cursos.

A Universidade de Santiago (USC) é a encargada de coordinar a formación, que se imparte baixo os estándares e cos requisitos do sistema europeo de certificación Ceca (Certificado de consultores en áreas locais).

Este modelo céntrase en mellorar as capacidades e habilidades persoais, metodolóxicas e de comunicación dos asesores rurais, co fin último de fomentar a modernización, rendibilidade e sustentabilidade das explotacións agropecuarias. Así pois, trátase de garantir a calidade do servizo de formación a asesores, que pasa por asegurar a súa boa capacitación a nivel técnico e unha axeitada cualificación profesional.

A XUNTA IMPULSA O TURISMO MARIÑEIRO CON CATRO NOVOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN DOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO

- *A Consellería do Mar subvenciona estas iniciativas por valor de máis de 277.000 euros ao abeiro da primeira fase da convocatoria de 2018 destas axudas*
- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre esta convocatoria de achegas que promoven a suma de sinerxías entre os grupos no desenvolvemento socioeconómico das zonas costeiras*
- *Os catro proxectos aprobados son Mar de velas, Morada Atlántica + Espazo Atlántico, Posicionamento no mercado da Ruta dos Faros de Galicia-Margalaica e Mares de Experiencias*

A Xunta aprobou axudas por valor de máis de 277.000 euros para catro proxectos de cooperación dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) que buscan impulsar o turismo mariñeiro en Galicia. O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a convocatoria de 2018 destas achegas a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos GALP.

A través delas, a Consellería do Mar promove a suma de sinerxías entre os GALP para que accedan a información e novas ideas e aprendan doutros grupos, rexións ou países. Tamén busca favorecer e apoiar a innovación e adquirir destrezas e medios que permitan mellorar as súas estratexias de desenvolvemento local participativo.

O informe reflicte que na primeira fase da convocatoria de 2018 destas axudas os catro proxectos aprobados son *Mar de velas: deseño de rede de mariñas e navegación tradicional, Morada Atlántica + Espazo Atlántico e Posicionamento no mercado da Ruta dos Faros de Galicia-Margalaica*, que se executarán nos anos 2018 e 2019. O cuarto proxecto é *Accións de dinamización e promoción de Galicia norte, Mares de experiencias*, que se executará durante este ano.

Mar de velas está promovido por catro grupos, que son o GALP Seo de Fisterra Ría de Muros Noia, que é o coordinador; o GALP Golfo Ártabro Norte, o GALP Ría de Arousa e o GALP Ría de Pontevedra. Ten como obxectivo potenciar o uso e xestión de espazos destinados a promover as mariñas tradicionais e a explotación de actividades relacionadas. Para iso, no marco desta iniciativa elaborárase un plan estratéxico que permita a ordenación e xestión da oferta variada de embarcacións tradicionais establecendo un modelo de explotación delas. A Consellería do Mar subvenciona este proxecto con preto de 53.700 euros.

Morada Atlántica + Espazo Atlántico é unha iniciativa dos oito GALP que hai en Galicia, que son: GALP Costa da Morte, que é o coordinador; GALP A Mariña Ortegá, GALP Golfo Ártabro Norte, GALP Golfo Ártabro Sur, GALP Seo de Fisterra Ría de Muros Noia Costa Sustentable, GALP Ría de Arousa, GALP Ría de Pontevedra e GALP Ría de Vigo-A Garda. Ademais conta coa colaboración de grupos andaluces, de Gran Canaria e tamén portugueses.

É a ampliación dun proxecto xa existente que foi subvencionado en 2016 e no cal comezaron dous GALP -Costa da Morte e Seo de Fisterra Ría de Muros Noia Costa Sustentable-. Ten como obxectivo o desenvolvemento dunha iniciativa turística conxunta para o total da costa atlántica do espazo atlántico europeo. Tamén a posta en valor dos territorios atlánticos, tendo como fío condutor a gastronomía e desenvolvendo a Rede espazos con contido museístico atlántico (Rema), especializada en cultura mariñeira. A Xunta apoia esta iniciativa con 123.500 euros.

Outro proxecto aprobado é *Posicionamento no mercado da Ruta dos Faros de Galicia-Margalaica*, tamén dos oito grupos que hai en Galicia. Con el buscan reforzar a Ruta dos Faros de Galicia, creada no marco do proxecto de cooperación Margalaica e subvencionado na convocatoria de axudas 2016 a este tipo de proxectos. Esta iniciativa está integrada por máis de 240 socios prestadores de servizos turísticos. Este proxecto inclúe accións como a creación de produtos turísticos e a organización dunhas xornadas para impulsar esta iniciativa. A Xunta subvenciónao con 54.850 euros.

O cuarto proxecto de cooperación subvencionado é *Accións de dinamización e promoción de Galicia norte, Mares de Experiencias*, promovido polo GALP A Mariña Ortegá, que é o coordinador, e o GALP Golfo Ártabro Norte. Busca poñer en valor o patrimonio cultural e patrimonial relacionado co sector pesqueiro e o turismo no territorio destes grupos e implicar a poboación local no coñecemento, conservación e posta en valor do patrimonio do mar. Para iso recolle accións como a realización de xornadas de difusión co obxectivo de adherir axentes turísticos locais e obradoiros para para coñecer os labores que levan a cabo colectivos profesionais como os de carpintaría ribeira, os do marisqueo e as redeiras. Esta iniciativa conta cunha axuda de máis de 45.100 euros.

A convocatoria destas axudas a proxectos de cooperación dos GALP inclúe unha segunda fase de adxudicación, que se realizará coas solicitudes presentadas ata o 1 de xullo e atendendo ao límite do crédito dispoñible.

Os GALP

Os grupos de acción local do sector pesqueiro dan continuidade ao traballo desenvolvido dende os grupos de acción costeira ou GAC. Son asociacións sen ánimo de lucro promovidas pola Unión Europea e compostas por entidades que representan os intereses socioeconómicos locais públicos e privados da zona que representan.